

ID#564

Neaño - Cesullas - Cabana de Bergantiños, 1980

Informantes: Francisco (39), Eduardo (70) e Manuel (52)

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcrición: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Niña nai, miña naiciña,
como miña nai nincunha
que me cantou a cariña
co calorciño da súa.
Ai la la la la la la...

O primeiro amor que eu teña
ha de ser un arrieiro,
non tén a bota sin viño
nin a bolsa sin diñeiro
Ai la la ...

O arrieiro da Moraña
leva a tralla colghada
para quencer anda-las bestas
cantanll' un
Ai la la la

Xa vai de rondiña,
xa vai de ronda,
xa vai de rondiña
a noite toda.

Miña nai o pote ferve
a súa filla non vén
ela como é bonitiña
alcún enrediño ten.

Vaina levando na volta,
vaina levando con xeito,
éche rapaciña nova,
non a rebentes do peito.

Arrímate, bailadore
arrímate que non pecas
el que baila e non se arrima
es comer el pan a secas.

ID#564



Francisco:

Acolá daquela banda
hai in pano que foi meu-e
rapaza si non me queres
a culpa tuvena eu-e
Ai la la...

Por este que entrou no baile,
por este que entrou agora,
por este que entrou no baile,
tocarei a noite toda.
Ai la...



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades